

Palabras de gratitude

Intervención de Manuel Bragado con motivo do acto de entrega do Premio Fernández del Riego 2014
A Fundación, Pontevedra, 28 de outubro de 2014

Boas tardes.

Estou feliz e emocionado vendo aquí tantas persoas amigas.

Escribiu hoxe María Reimóndez que conformamos unha comunidade de afectos. Homeaxeaba así a Begoña Caamaño, a xornalista e escritora viguesa falecida onte. Sexa para Begoña tamén a nosa homenaxe.

Na miña andaina como mestre propúxenme sempre que os meus alumnos e alumnasoubesen utilizar decote e de forma equilibrada tres verbos que entendo claves para a difícil aprendizaxe do exercicio da cidadanía: abeizar, propoñer e criticar. Con esa intención utilizabámoslos cada día durante asemblea, para quen así o quixere escribise o seu texto no taboleiro da aula, onde diferenciabamos tres columnas cos encabezamentos “Crítico”, “Propoño”, “Felicito”.

Este serán correspóndeme a min agradecer e abeizar e quero que as miñas palabras ocupen sobre todo a columna da gratitude.

Debe ser o meu primeiro recoñecemento para os organizadores destes premios de xornalismo, Afundación e Ámbito Cultural El Corte Inglés, pola continuidade da súa iniciativa, nun tempo no que ben sei non é doado apoiar a creación literaria.

O segundo, para os aos membros do xurado que me outorgaron o premio. Todos os catro son figuras da cultura galega do noso tempo e auténticos mestres do xornalismo literario, un xénero que conta cunha longa tradición en lingua galega, con figuras extraordinarias como Fernández del Riego, Otero Pedrayo, Cunqueiro, Casares, Ferrín, Alonso Montero, Manuel Rivas, Suso de Toro, entre outros, que amosaron desde enfoques diversos que na superficie dunha columna literaria dun xornal, apenas catro mil caracteres, estaba, en palabras do mestre Julio Camba, a medida de todas as cousas e de todo o que sucede no mundo.

Tamén é a miña beizón para Luis Ventoso, gañador do Premio Julio Camba, polo seu brillantísimo artigo literario sobre Proust publicado na Terceira de *ABC* con motivo do centenario da publicación do primeiro volume de *Na procura do tempo perdido*. Constitúe para min unha honra

acompañar hoxe a un dos xornalistas galegos máis destacados da xeración de entre séculos.

A miña gratitude para *Faro de Vigo*, onde se publicou “Illa soidade”. O decano leva acollendo os meus textos dende hai trinta e un anos, xa máis de mil artigos, desde aqueles primeiros de temática educativa, publicados nos suplementos “A Pizara” e “O Pizarrín”, coordinados por José Antonio Perozo, cando era director o inesquecible Francisco Armesto Faginas; pasando pola serie “Campo de Granada”, iniciada hai quince anos da man de Ceferino de Blas, até as máis recentes prosas de temática celeste, que nas últimas dez tempadas o director Juan Carlos Dasilva introduciu nas páxinas de deportes. Sempre escribín no *Faro* e sempre en galego. Non teño palabras abondas para agradecerlle esta posibilidade aos seus profesionais.

Permitídemme que con este motivo faga un aparte.

Aprendín a ler aos catro anos no *Faro* e dende entón mantiven unha constancia, case inquebrantable, na lectura diaria deste periódico. Herdei do meu pai o costume, que conservo, de facelo durante o almorzo, antes de saír cara o traballo. Durante os anos da miña infancia para min non houbo outra lectura ca non fose o *Faro* e os manuais escolares. Naquel tempo na miña casa non había apenas libros e durante moitos anos a do *Faro* foi a principal (e case única) lectura de todos os membros da miña familia, coa excepción da miña avoa Filo que, cando perdeu a vista, quería que eu lle lera todas as necrolóxicas e anuncios do concello onde traballara o seu home.

Remoendo na memoria, comprendo hoxe que foi toda unha fortuna aprender a ler naquel *Faro* que dirixía Álvaro Cunqueiro. Non por que eu seguise a súa columna da última páxina, “El Envés”, non, nunca fun un rapaz tan espilido e curioso para iso; descubrí eses maravillosos artigos, moito anos despois cando coñecín aqueles textos nos que a partir dunha noticia, que semellaba intrascendente, don Álvaro despregaba a súa máis desbordante imaxinación literaria. Cando na miña casa non tiñamos televisión nin lavadora nin neveira as páxinas do *Faro* foron as primeiras ventás que abrín para descubrir o mundo, para papar coma esponxa todo o que alí ía aparecendo. Eis o valor impagable da lectura dos xornais que supuxo para a miña xeración.

Particular emoción sinto por recibir un premio con nome de Francisco Fernández del Riego, que compartiu a súa sabedoría tamén nas páxinas de todos os xornais galegos do seu tempo. Unha figura a que admiro polo seu carácter firme xeneroso, intelixente, prudente, discreto e inqueda. Un editor furón e obreiro que como ningún outro soubo aproveitar calquera pequena fenda da mesta atmosfera da ditadura, para promover o renacer da conciencia galega. Capaz de argallar coa mesma facilidade o primeiro suplemento de artes e letras do compostelán diario *La Noche* ca recabar e redactar cantas colaboracións foron precisas para o programa que en galego emitía, dende Londres, a sección española da BBC.

A traxectoria humana de don Paco foi a dun editor rede que posuía a capacidade, tan valiosa e escasa en Galicia, de aglutinar vontades, de contaxiar alento para acometer tarefas colectivas, en “equipo”, como a el tanto lle prestaba dicir nas conversas que mantivemos tantas veces no seu despachiño da Penzol ou nas viaxes que compartimos para presentar a súa biografía de Faraldo que publicamos en Xerais Crónica.

Non esqueceréi nunca aquel dez de xaneiro de 2001, cando de mañanciña cruzamos o país até Vilanova de Lourenzá, a súa vila natal, onde aquel sábado moi frío foi nomeado fillo predilecto. O daquela presidente da Real Academia Galega, afeito a facer milleiros de quilómetros en taxi no seu afán de renovar o prestixio da institución, tivo peito abondo para pronunciar aquela xornada tres discursos vibrantes. O primeiro diante do seu busto situado preto do mosteiro de San Salvador, no que lembrou os días da súa infancia. O segundo na sala da Biblioteca Pública chamada Juana de Ibarbourou, no que gabou a figura literaria da poeta uruguaia de estirpe inequivocamente brañega. E xa para rematar no cativo salón de plenos do concello, o terceiro no que de pé, despois de atencionar aos responsables da homenaxe, petou enérxico na mesa para lembranos coa voz un chisco quebrada: “din a vida toda por unha única causa: a de que os galegos falasen a fala que rezumaba da súa terra”. Diante dos seus, na dozura do horizonte de inverno, don Paco fíxonos unha chamada emocionada ás nosas conciencias, para continuar no traballo de restaurar a cadea de transmisión da fala de noso. Detrás daquel chamamento, que me lembrou o que fixera Cunqueiro na súa homenaxe de Samil, aquelas inesquecibles “Mil primaveras máis para a lingua galega”, don Paco expresaba idéntico compromiso vital co idioma de noso, o que hoxe constitúe unha extraordinaria herdanza, unha lección vital de dignidade e coherencia que agradecemos.

“Illa soidade”, o artigo premiado, é un conto de Nadal, escrito para ser publicado o día 24 de decembro, a noiteboa, que non é un día calquera. Tirei o título dunha novela, que obtivo o premio de literatura xuvenil da Fundación Novacaixagalicia, da que é autora An Alfaya, a quen moito llo agradezo. Creo que os xornais, a pesar das mudanzas e incertezas que está sufrindo a súa actividade, continúan sendo o mellor espazo para publicar este tipo de texto de intervención, relatos protagonizados polas vidas dos humildes, dos anónimos que sofren os rigores do inverno, da pobreza e da desigualdade. Este é o caso do protagonista do meu artigo, que só dende hai tres semanas marchou do escaparate de Urzaiz onde viviu durante dous anos, chovese, ventase ou abafase coa calor. Cando escribín o texto ben sabía que o deste home sen nome non era un caso único en Vigo. Medio cento de persoas excluídas e empobrecidas, algunhas maiores, outras arrastrando adiccións coas drogas ou alcohol ou patoloxías psicolóxicas, viven en Vigo na rúa, alleas á disciplina dos albergues e servizos sociais, acubillados nos seus cartóns nos caixeiros, nos portais ou en edificios arruinados, un inframundo no propio corazón da cidade. Esas persoas merecen a nosa atención e solidariedade. A exclusión, a soidade e o seu desarraigo son doenzas moi dolorosas, agochadas nas nosas cidades, mais perfectamente curables se modificamos a nosa ollada sobre elas e os poderes públicos asumen a súa responsabilidade. Esa foi a miña intención.

Como adiantei, este serán no que lembramos a don Paco del Riego quero tamén escribir na columna “Propoño”. Fago un chamamento dirixido aos responsables dos xornais con difusión en Galicia para que incrementen o emprego da lingua galega en todas as súas seccións, máis alá dos espazos en galego dedicados a opinión e cultura, e utilicen a lingua galega cando esta é a empregada polas persoas entrevistadas ou consultadas polos redactores. O galego é a lingua de todos os galegos e galegas, sen excepción, a que como sinalan os datos máis recentes do INE coñecen e utilizan nalgún momento o noventa por cento das persoas que vivimos no país. Unha cifra que debe ser valorada pola alta capacidade de cohesión social e de simpatía que o emprego do galego provoca. Os xornais publicados en Galicia non poden ser alleos a utilizar estes sintagmas de simpatía, cohesión e autoestima que contribuirían a un futuro máis esperanzoso para ese idioma polo que Francisco Fernández del Riego deu a vida enteira. Nun momento crítico para a lingua galega como o que vivimos, os xornais de referencia poden proporcionar unha axuda dun valor extraordinario.

Remato recuperando a escritura na columna de gratitude.

O meu recoñecemento aos meus compañeiros e compañeiras do cadro de Xerais polo seu apoio diario en anos tan difíciles. A Agustín, que non puido vir, e a tantos amigos e amigas que estades hoxe aquí, dos que continuo aprendendo. Aos lectores e lectoras de Brétemas que me obrigan cada onte.

A miña emoción por compartir este momento feliz coa miña nai, cos meus irmáns e cos meus cuñados. E con Montse, a miña muller, cómplice de todos os meus textos e proxectos. E a María, a xornalista, a miña filla que sei nos segue dende Cardiff, a quen lle debo o feito de verme presentado a este premio e a manter a esperanza de que a nosa cadea non se esgace.

Que sexa a estrela dos afectos a que nos guíe. Quédovos moi obrigado.